

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 13 de decembro de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 13/12/2017.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 13/12/2017.
- III. Documentación relativa ao Plan de Calidade da EE de Minas e Enerxía
 - R1-DO0301P1 InformacionPublica_2017
 - R3-DO0201 Informe das Accións de Coordinación 2016-17.
 - R3-MC02P1 Xestión de QSP_2016-17.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2017.

Envíase por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2017.

2. Informe da Directora

A Directora informa:

- Na Xunta de Escola celebrada o 16 de decembro de 2016 aprobouse solicitar a apertura dun expediente disciplinario ao alumno Adrián Carpintero Sánchez polos insultos proferidos ao profesor Antonio Correa.

A Secretaría Xeral nomeou como instrutora do proceso á profesora Julia Cristóbal Ortega. Con data 28 de setembro de 2017 o Reitorado resolveu o expediente que se recibiu na escola o 22 de novembro por petición propia. A citada resolución resolve que o alumno Adrián Carpintero Sánchez non poderá examinarse das materias de primeiro cuadrimestre das que estea matriculado.

- En xaneiro de 2017 aprobouse en Xunta de Escola, e enviouse á ACSUG, o informe sobre o cumprimento do plan de viabilidade do Grao IRME. A ACSUG avaliou o informe como **DESFAVORABLE** dado que *“aínda que se cumpren as medidas expostas no plan de viabilidade e o número de estudantes segue moi por debaixo do mínimo esixido”*.
- En abril de 2017 solicitouse á Xunta de Galicia a declaración de Título Singular en base á Resolución do 1 de marzo de 2017 da Secretaria Xeral de Universidades na que se fixan os criterios para a determinación de titulacións de grao singulares no SUG.
O 2 de novembro publicouse no DOG a resolución da Secretaria Xeral de Universidades, pola que se declara a singularidade de graos no SUG. Nela reconécese o carácter singular do grao en ERME por cumprir os apartados:
 - a) *Ter unha estrita vinculación coa especialización do campus no que se imparte e constituír unha parte esencial das liñas estratéxicas desa especialización.*
 - b) *Estar directamente vinculados aos sectores considerados estratéxicos pola Xunta de Galicia.*O centro terá que elaborar un plan específico ao final do presente curso.
- Actualizouse na web o apartado de difusión para engadir as últimas accións levadas a cabo pola escola: <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/difusion>
 - Exposición Itinerante: Solicitouse ao Consello Social axuda para a renovación da exposición e foi financiada na súa totalidade por un importe de 1669,80 €.
 - Taller de Identificación de Minerais: Solicitárono 14 centros, o que supón uns 500 alumnos.
 - Concurso de Restauración de Oco Mineiro: Acábase de ofertar. Os centros que desexen participar pódense inscribir ata o 15 de xaneiro.
 - Aula Aberta á Tecnociencia: En xaneiro vanse ofertar dous dos módulos previstos: Materiais e Drons.
 - Museo de Minerais: Solicitouse orzamento ao Vicerreitorado de Economía e Planificación. A inauguración farase en febreiro.
- Finalizou o Concurso Fotográfico. Presentáronse 38 fotos e o 25 de novembro reuniuse o xurado formado por:
 - Fotógrafo profesional: Javier Herranz Estévez
 - Persoal Docente e Investigador: Teresa Rivas Brea
 - Persoal de Administración e Servizos: Mayte Marcote Pereira
 - Alumna do Grao ERME: Carmen Filgueira Sánchez
 - Alumno do Grao EE: Yelco Rodríguez Méndez

Con data 1 de decembro fíxose entrega dos premios.

- Primeiro Premio: “Concentrar o Sol”, Pilar Orche Amaré
- Segundo Premio: “Buscando a Magnesita”, Luis Gandarela Campos
- Terceiro Premio: “ Non fuyades, covardes e viles criaturas”, Nicanor Palomaces

As fotos seguirán expostas no vestíbulo da Escola. A dirección agradece aos participantes, ao xurado e a Ignacio Pérez Rey a súa colaboración.

➤ Notificacións recibidas desde a Área de Calidade:

- 14 novembro 2017: Xa están dispoñibles os resultados das enquisas de satisfacción do profesorado e do alumnado coas titulacións (curso 2016-2017).
- 17 novembro: Planificación sobre o programa de acreditación das titulacións. O curso 2017-2018 debe acreditarse o Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas. A data límite para a entrega da documentación á ACSUG remata entre o 15 e 31 de marzo e as previsións de datas de visita das Comisións de avaliación son partir do 15 de maio.
- 24 novembro 2017: Xa están dispoñibles os resultados da enquisa de satisfacción das persoas tituladas (curso 2015-2016)
- 28 novembro 2017: Xa están dispoñibles os resultados definitivos das enquisas de avaliación docente do curso 2016-2017. Poden consultarse na Secretaría Virtual.
- 28 novembro 2017: Resultados provisionais da valoración anual obrigatoria do programa Docentia. Prazo de reclamacións ata o 18 de decembro. Unha vez rematada convocarase a avaliación quinquenal.
- 28 novembro 2017: Informe provisional de seguimento do Mestrado en Enxeñaría de Minas, realizado pola ACSUG. O resultado do proceso é CONFORME. A coordinación do título vai presentar alegacións.
- 12 decembro 2017: Modificacións na programación do programa de seguimento das titulacións 2018 (curso 2016/17). Nin os graos nin o Máster de Xeoinformática terá que pasar por seguimento interno. O Máster de Minas non se ve afectado de ningunha maneira porque ten que someterse a acreditación.

➤ Con motivo da festividade de Santa Bárbara, patroa da escola, os alumnos de delegación organizaron, o 1 de decembro, unha serie de actividades:

- Partidos de Fútbol sala Alunm@s Vs Profesor@s
- VIII Carreira Popular Santa Bárbara
- Entrega de Trofeos deportivos
- Inauguración da exposición ENFOCA.RME e entrega de premios
- Viño Español

A dirección da escola agradece á delegación de alumnos a organización das actividades.

- Tamén por Santa Bárbara, o 4 de decembro, organizouse un acto académico que abrangueu as seguintes actividades:
 - Conferencia “Proxecto Touro”: Celso Penche García, César Castañón Fernández e Fernando Díaz Riopa.
 - Presentación do novo vídeo promocional da escola.
 - Intervención do Decano Delegado en Galicia do Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, don Juan José Iglesias.
 - Entrega do premio ao mellor expediente da II promoción do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas para Adrián Devesa Mouzo

- A escola participou nos actos conmemorativos de Santa Bárbara organizados pola Cámara Oficial Mineira de Galicia en Santiago de Compostela. A esta celebración asistiu en representación da escola o profesor Javier Taboada Castro. A dirección agradece a súa participación.

- Neste mesmo acto faise entrega dos Premios Santa Bárbara e este ano, na categoría de Traxectoria, foi premiado don Enrique Orche García.

- Desde o 29 de novembro ata ao 15 de decembro pódese depositar no vestíbulo da escola xoguetes para a campaña de Nadal. Tamén hai recollida de alimentos.

3. Ratificación, se procede, das actas de concesión dos Premios Extraordinarios dos dous graos impartidos nesta Escola.

Reunido o tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, este resolveu a concesión dos seguintes premios:

Premio Extraordinario de Grao Universitario en “Enxeñaría da Enerxía”

Don Pablo Durán Gómez

Premio Extraordinario de Grao Universitario en “Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos”

Dona Carlota Sánchez Alonso

O premio na titulación de Enxeñaría de Minas declárase deserto ao non haber ningún candidato que cumprise os requisitos mínimos.

A Xunta de Escola ratifica as actas de concesión dos Premios Extraordinarios dos dous graos impartidos nesta Escola.

4. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

Os profesores que se achegan na táboa anexa presentaron a súa solicitude de informe sobre actividade docente.

A directora informa de que, de todas as solicitudes presentadas, só o profesor Fernando Manzanedo García ten rexistrada unha incidencia. Esta incidencia foi consecuencia de non ter elaborado en galego a guía docente da materia V09 G290V01604 “Instalacións de enerxías renovables” do grao en Enxeñaría da Enerxía, curso 2016-17, e foi aprobada pola XE con data 6 de xullo de 2016.

Xa que se tratou dun feito puntual, a proposta da dirección é que o informe da Xunta de Escola sexa positivo para este profesor, así como para o resto dos profesores que o solicitan.

A alumna Mariola Juncal solicita que o resultado do informe do profesor Fernando Manzanedo García sexa votado. Procédese á votación, sendo o resultado da mesma:

Votos a favor do informe favorable: 20

Votos en contra do informe favorable: 3

Abstencións: 1

O profesor don Alfonso Mandado Vázquez incorporouse despois da votación, polo que non figura no reconto dos votos.

A Xunta de Escola aproba por maioría o informe a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia do profesor Fernando Manzanedo García.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia dos restantes profesores solicitantes.

NOME	ÁREA	PERÍODO
Dona Elena Albo López	Enxeñaría eléctrica	01-01-2013 / 31-12-2017
Don Leandro Alejano Monge	Explotación de minas	01-01-2013 / 31-12-2017
Don José Ignacio Armesto Quiroga	Enxeñaría de sistemas e automática	17-11-2012 / 16-11-2017
Don Camilo José Carrillo González	Enxeñaría eléctrica	01-01-2013 / 31-12-2017
Don José Cidrás Pidre	Enxeñaría eléctrica	01-02-2012 / 01-02-2017
Don Antonio Collazo Fernández	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica	17-11-2012 / 16-11-2017
Dona Belén Díaz Fernández	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica	01-07-2003 / 15-12-2017
Dona Generosa Fernández Manín	Matemática aplicada	01-10-2012 / 30-09-2017
Don Fernando García Bastante	Explotación de minas	17-02-2012 / 16-02-2017
Don Emilio González Estévez	Enxeñaría eléctrica	30-02-2012 / 30-10-2017
Don Fernando Manzanedo García	Enxeñaría eléctrica	17-11-2012 / 16-11-2017
Don Manuel Ángel Prieto Alonso	Enxeñaría eléctrica	17-11-2012 / 17-11-2017
Dona Belén Riveiro Rodríguez	Mecánica de medios continuos e teoría de estruturas	01-10-2006 / 31-12-2017
Don Jaime Sieres Atienza	Máquinas e motores térmicos	01-04-2012 / 31-03-2017
Don Daniel Villanueva Torres	Enxeñaría eléctrica	13-03-2009 / 01-12-2017

5. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da EE de Minas e Enerxía.

Enviouse por correo electrónico a documentación relativa ao plan de calidade (Anexo III). Esta documentación foi valorada e aprobada pola Comisión de Garantía Interna de Calidade da emE na súa reunión celebrada o día 15 de novembro.

- R1-DO0301P1 InformacionPublica_2017: Tras a renovación da web da Escola faise necesaria a elaboración dun novo plan operativo de xestión pública que recolla os novos enlaces coa información relevante.
- R3-DO0201 Informe das Accións de Coordinación 2016-17: Preséntanse os informes de coordinación das seguintes titulacións do centro: Grao en Enxeñaría dos Recursos Míneiros e Enerxéticos, Grao en Enxeñaría da Enerxía e Mestrado en Xeoinformática.
- R3-MC02P1 Xestión de QSP_2016-17. Todas as QSPs recibidas durante o pasado curso 2016-17 foron admitidas e atendidas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación relativa ao Plan de Calidade da EE de Minas e Enerxía.

6. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a trece de decembro de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 13/12/2017



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 13/12/2017

Profesorado	
1.	Álvarez Vázquez, Lino José
2.	Araújo Fernández, María
3.	Arzúa Touriño, Javier
4.	Cabeza Simó, Marta
5.	Caparrini Marín, Natalia
6.	Domínguez Santiago, Ángeles
7.	García Bastante, Fernando
8.	Giráldez Pérez, Eduardo
9.	Liz Marzán, Eduardo
10.	Mandado Vázquez, Alfonso
11.	Patiño Vilas, David
12.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
13.	Pérez Rey, Ignacio
14.	Saavedra González, Ángeles
15.	Vázquez Vázquez, Manuel
16.	Vijande López, Javier
ESTUDANTES	
17.	Antonio Fontán, Nuria
18.	Domínguez Blanco, Santiago
19.	Fernández Martínez, Alejandro
20.	Filgueira Sánchez, Carmen
21.	Juncal Rosales, Mariola
22.	Millara Crispín, Miguel
23.	Muiño Argüelles, Miguel
24.	Rodríguez Méndez, Yelco
PAS	
25.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola:	52
Asistentes:	25

Escusan a súa ausencia: Don Leandro Alejano Monge, Don Higinio González Jorge e Dona Mayte Marcote Pereira

ANEXO III

Documentación relativa ao Plan de Calidade da EE de Minas e Enerxía

- R1-DO0301P1 InformacionPublica_2017.
- R3-DO0201 Informe das Accións de Coordinación 2016-17.
 - R3-MC02P1 Xestión de QSP_2016-17.